

18º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

BASES DO CONCURSO

1º Poderán concorrer todos os nenos e todas as nenas da nosa autonomía de entre 3 e 12 anos. Haberá 3 categorías:

A: de 3 a 6 anos.

B: de 7 a 9 anos.

C: de 10 a 12 anos.

2º Cada concursante poderá presentar unha única obra, con soporte en cartolina ríxida ou material similar e en tamaño A4.

3º O tema será “A Camelia”.

4º A técnica a empregar será libre, recomendándose as ceras, témperas, acuarelas, rotulaciós, lapis de cores, etc.

5º Na parte de atrás do traballo figurarán: nome completo do autor ou autora, enderezo, número de teléfono, idade e centro escolar.

6º Os traballos terán que entregarse na Casa do Concello antes do **16 de febreiro de 2018**, no seguinte enderezo:

Concello de Vedra

**Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra (A Coruña)**

7º O xurado estará formado por membros da Asociación Amigos da Camelia e persoas destacadas do mundo das artes. O fallo do xurado darase a coñecer na semana previa ás Xornadas arredor da camelia e publicarase na páxina web do concello www.concellodevedra.com.

8º Haberá un 1º, 2º e 3º premio para cada categoría.

9º Todos os traballos presentados a concurso serán expostos en Santa Cruz de Ribadulla o 25 de febreiro con motivo das Xornadas arredor da camelia.

10º A entrega de premios aos gañadores e gañadoras terá lugar en Santa Cruz de Ribadulla o día 25 de febreiro.

11º Todas as persoas participantes pola súa mera presentación aceptan integramente as bases deste concurso.

12º A organización resérvase o dereito de modificar, eliminar ou agregar calquera punto a estas bases.